



## REXIME LABORAL DOS MIR

### Resumo da mesa negociadora estatal

celebrada o día 23 de xuño de 2005, en Madrid



O 23 de xuño tivo lugar una nova reunión da mesa negociadora do decreto de residentes, na que continuamos coa discusión do articulado.

O Ministerio sigue teimando con que o **RÉXIME XURÍDICO** dos MIR sexa laboral puro, que non permite que se lle apliquen os pactos e acordos do persoal estatutario. CIG, e o resto dos sindicatos non aceptan este planteamento e o tema terá que ser retomado en xuntanzas posteriores.

- Respecto as características do **TIPO DE CONTRATO** de residencia, o Ministerio comprometeuse a deixar máis clara a referencia ao programa formativo da especialidade como parte vinculante do contrato. O por outra banda o Ministerio insiste que a definición do tipo de contrato que propón é de mínimos, e que cada Servizo de Saúde pode ampliálo.
- Os sindicatos solicitamos que o **EXAME MÉDICO** ao inicio da residencia fora realizado por unha empresa distinta da que contrata ao residente, para evitar arbitrariedades no caso dos hospitais privados. O Ministerio plantexou a posibilidade de que os Servizos de Saúde determinen o órgano que pode realizar o exame, e quedaron en concretalo.
- Nos casos de non cumprimento das horas do programa anual por **REDUCCIÓN DE XORNADA** (coidado de fillos, ...), a solución que aporta administración é a prórroga do contrato ou a repetición completa do mesmo á proposta da Comisión de Docencia de forma motivada (ata o de agora a regulación era sempre repetición).
- Respecto dos **DEREITOS E DEBERES** dos residentes, houbo un interesante debate no que se discutiron temas de auténtica importancia a nivel sindical:
  - Cobertura da responsabilidade civil do residente. A administración dixo que prefería non mencionalo no presente decreto xa que está traballando neste tema para a totalidade dos profesionais sanitarios.
  - Dereito a recibir asistencia e protección das Administracións Públicas e Servizos de Saúde no desempeño das súas funcións. A CIG, co resto dos sindicatos, insistiu na necesidade de engadir este dereito ao texto do decreto, pois actualmente a lei só recoñece este dereito para persoal funcionario e estatutario, polo que ao considerarse aos residentes como persoal laboral quedarían excluídos desta cobertura.
  - Dereito á tutela efectiva. Tódalas centrais expresamos a nosa preocupación porque en todo momento o residente poida contar con algún responsable ao que acudir, independentemente do titor que non sempre vai estar presente. A posición de CIG é que a asunción de responsabilidades debe ser progresiva, a medida que se vaian superando os obxectivos do programa formativo. Finalmente o Ministerio aceptou engadir un parágrafo no que conste o dereito do residente a coñecer en todo momento aos responsables da súa tutela entre os especialistas de presenza física nos centros en cada tramo horario.

- Dereito ás prestacións de carácter social (mellora de IT, fondos de acción social). Este tema está relacionado co tipo de réxime xurídico que finalmente se estableza para a residencia. CIG deixou clara a súa posición sobre este tema, xa comentada ao principio deste escrito, e manifestou a nosa preocupación de que os dereitos xa admitidos polos tribunais para aplicación aos residentes, se non se fai referencia expresa no articulado, poderían desaparecer ao día seguinte da publicación do decreto. O Ministerio dixo que estudarían o tema e remitirían un documento.

- Sobre os **DEREITOS COLECTIVOS** dos residentes, a postura da CIG, coincidente coa dos demais sindicatos, foi que se recollan todos os dereitos e non só o de folga. En relación con este solicitamos que se distingan dous posibles supostos, e se regulen ambos:
  - cando os propios residentes son chamados de forma activa á folga ou se suman activamente a outros colectivos en folga. Este suposto hai que matizalo porque existe unha discusión xurisdiccional sobre se deben ou non prestar servicios mínimos ao tratarse de persoal en formación. A administración defendeu a existencia dese deber pero aceptaría o límite de que durante eses servicios mínimos o residente non poderá realizar funcións por encima do nivel de formación obtida.
  - Cando a folga é doutros profesionais, todos reclamamos que desapareza a práctica común de utilizar aos residentes para suplir as funcións do resto de traballadores en folga. E dentro deste suposto tamén hai que ter en conta qué pasa co exercicio da supervisión dos residentes.
- Por último, solicitamos da administración que determine cal é o ámbito de **REPRESENTACIÓN LABORAL** (eleccións sindicais conxuntas co persoal estatutario ou eleccións a comités de empresa propios) e de **NEGOCIACIÓN COLECTIVA** (mesa sectorial, mesa de convenio, ou comité intercentros) dos residentes e que se posibilite por acordo de mesa de negociación que se traten de forma conxunta os dous colectivos, estatutario e residentes.  
O Ministerio confesou que este tema o teñen moi verde e que darán resposta na próxima reunión que, en principio, quedou fixada para o 15 de Xullo.



27/06/2005

Gregorio Espino, 47  
36205 VIGO  
Tíno. 986 262 679  
Fax. 986 262 781

[www.cig-saude.org](http://www.cig-saude.org)  
[www.agmedica.org](http://www.agmedica.org)